

AS ENFERMIDADES DO NOSO TEMPO

Exercicios autoavaliáveis

1. Cales son os principais axentes patóxenos nunha enfermidade infecciosa? Pon un exemplo para cada un deles indicando a enfermidade que producen.
2. Que diferenza hai entre patoxenicidade e virulencia dun patóxeno?
3. Porque ás inxeccións de insulina non son efectivas en todos os casos de diabetes?
4. Que é a saúde mental? Como se pode manter a saúde mental?
5. En que se diferencia unha neoplasia benigna dunha maligna?
6. É correcto dicir que o alcol e o tabaco son drogas? Poden ser un factor de risco para outras enfermidades?
7. Que diferenza existe entre as respostas inmunitarias inespecífica e específica?
8. Que tipos de vacinas existen?

Solucións

1. Cales son os principais axentes patóxenos nunha enfermidade infecciosa? Pon un exemplo para cada un deles indicando a enfermidade que producen.

- *Bacterias: como o bacilo de Koch (Mycobacterium) que produce a tuberculose.*
- *Protozoos: como o Trypanosoma que produce a enfermidade do sono.*
- *Organismos pluricelulares: como os ácaros que producen a sarna.*
- *Virus: como o VIH que produce a SIDA.*
- *Prións: como no mal das vacas tolas.*

2. Que diferenza hai entre patoxenicidade e virulencia dun patóxeno?

A virulencia do patóxeno é a capacidade do patóxeno para producir a enfermidade, mentres que a patoxenicidade é a capacidade do patóxeno de invadir e multiplicarse no organismo. Normalmente os patóxenos con moita virulencia teñen pouca patoxenicidade, e ao contrario, os patóxenos pouco virulentos adoitan ter alta patoxenicidade.

3. Porque ás inxeccións de insulina non son efectivas en todos os casos de diabetes?

A insulina é efectiva nos casos de Diabetes tipo 1 no que o páncreas das persoas afectadas non pode producir esta hormona. En cambio na diabetes tipo 2 as persoas afectadas si que poden producir insulina pero as súas células non son capaces de asimilala, polo que as inxeccións desta hormona non producirían ningún cambio no organismo. A única forma para poder controlar a glicemia nestes casos é o control estrito da dieta.

4. Que é a saúde mental? Como se pode manter a saúde mental?

A saúde mental comprende todas as actividades que buscan a creación dun ambiente para a prevención de comportamentos inadecuados, a preservación e o desenvolvemento do axuste psicolóxico, e o alivio do desaxuste.

Para manter a saúde mental é preciso practicar unha serie de costumes que como levar unha vida sa e evitar preocupacións:

- *Adopción de ritmos de vida non estresantes.*
- *Educación que axude aos individuos a alcanzar un equilibrio persoal, un nivel de autoestima óptimo e unha formación adecuada.*
- *Evitar o consumo de substancias nocivas, como alcol, drogas ou tabaco.*
- *Combinar os períodos de soño, lecer e traballo de forma ordenada e equilibrada.*
- *Practicar exercicio físico para relaxar as tensións mentais.*
- *Realizar consultas periódicas con profesionais da saúde mental para previr e poder seguir estilos de vida dunha adecuada saúde mental.*

5. En que se diferencia unha neoplasia benigna dunha maligna?

As neoplasias son benignas cando as células que proliferan de forma descontrolada forman un tumor que está localizado e non produce a morte das células contiguas, pero cando as células dun tumor pasan ao sangue e invaden e destrúen outros órganos e tecidos dise que é maligno



6. É correcto dicir que o alcol e o tabaco son drogas? Poden ser un factor de risco para outras enfermidades?

Si, porque os dous producen adicción. A nicotina do tabaco, xunto co alcohol, son as dúas substancias adictivas que máis se consomen e que máis problemas sanitarios producen. Son un factor de risco de padecer diversas enfermidades.

O consumo excesivo de alcohol pode producir, entre outras enfermidades, cirrose hepática, e o consumo de tabaco está implicado nas bronquites, no enfisema e no cancro de pulmón, de larinxe, etc.

7. Que diferenza existe entre as respostas inmunitarias inespecífica e específica?

A resposta inmunitaria inespecífica é sempre a mesma ante calquera tipo de microorganismo, pero a específica é diferente, de xeito que cada antíxeno (por exemplo, un fragmento dun microorganismo) activa linfocitos que producen anticorpos específicos que só se unen a ese antíxeno ao que neutralizan.

8. Que tipos de vacinas existen?

- *Atenuadas: conteñen microorganismos vivos aínda que debilitados, polo que perden a súa capacidade de producir enfermidades. Exemplo: poliomelitis, sarampelo, rubéola, etc.*
- *Inactivadas: formadas por microorganismos mortos que non poden reproducirse no organismo. Exemplo: rabia, tose ferina, etc.*
- *Acelulares: compostas por fragmentos ou moléculas dos microorganismos. Exemplo: tétanos, malaria, hepatite B, etc.*